



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Mari Pepa do Camaño
cando lla ves sempre chora.
Evaristo, meu amigho,
farahm´un á túa moda.
Un sesto á sua moda.

Vai e despose esa tal Maripepa ten dous fillos. E un casou aquí pa-o noso lughar-e, e o outro casou cunha filla des´e tal e marcharon pa Suisa o casaren na casa a maila muller-e.

E casoulle unha sobriña aló nunha parroquia que se chama Olveiroa e chamaro´a pa-o casamento. E ela é moi amigha de bailar-e, de bailal´a muiñeira e tal e non quería ir soa ao casamento. E o fillo que tiña casado xunto a´ ela taba en Suisa e o outro taba aí no lughar-e e díxolle ao que taba aí no noso lughar-e:

- “José”
- “Que é?”
- “Chamáronos pa o casamento de teu curmán de Olveiroa e por non ir eu soa, ves ti connigho e eu pagho o coche e mailos ghastos dos dous”.

E o José non lle quixo ir. O d´aquí non lle quixo o coche na porta pa marchar pa voda e ela choraba.

Maripepa fui á boda
da subriña d´Ulveiroa
José non lle quixo ir-e
e tuvo que ela soa.

Lovou unha nuite triste,
non fixo mas ca chorar-e,
porque muita sent´había
n-a chaman a bailar-e.